

Información sobre as diferentes materias impartidas no IES "Praia Barraña" de Boiro (A Coruña)

1 Identificación da materia

Denominación:

Cultura Científica (CuCi)

2 Características da materia

Etapa educativa:

Bacharelato

Curso:

1º [] 2º

Tipoloxía:

Común [] Obrigatoria de modalidade [] De opción de modalidade Optativa

Carga lectiva semanal:

1 hora [] 2 horas [] 3 horas 4 horas

Materia de contidos progresivos:

Si Non

Materia previa necesaria:

--

Materia ponderable:

Si, pondera de cara ao acceso ao estudos universitarios Non

Outras características:

- Deberá contar cun **mínimo de 10 alumnos/as** para poder ser impartida.

3 Cal é a súa finalidade? Que contidos se traballan na materia?

- A principal finalidade da materia é, de entrada, concienciar ao alumnado de que o coñecemento científico forma parte fundamental do acervo cultural da humanidade e é imprescindible na súa formación.
- Ao mesmo tempo, esta materia ten a finalidade de formar cidadáns e cidadás competentes para tomar decisións nun mundo no que os avances da ciencia e a tecnoloxía teñen cada vez máis impacto nas sociedades humanas e no planeta no seu conxunto. A maneira de conseguilo é proporcionar ao alumnado unha serie de coñecementos e ferramentas que lle permitan avaliar a información sobre ciencia e tecnoloxía, de maneira que, cando teña que realizar escollas sobre cuestións que impliquen un coñecemento científico e/ou tecnolóxico, poida facelo baseándose en argumentos racionais e desbotando os boatos, a pseudociencia, e as teorías da conspiración. Esta materia tamén trata de fomentar as vocacións científicas.
- Os contidos da materia están distribuídos ao longo de 7 bloques.
- O bloque 1 é transversal e presenta un resumo da historia da ciencia e a tecnoloxía en paralelo cos principais acontecementos da historia da humanidade, unha análise do papel das mulleres na ciencia, o método científico que inspira a metodoloxía de traballo que se segue ao longo do curso e a comunicación en ciencia, destacando a importancia e características do artigo científico.
- Os seis bloques restantes van presentando os grandes temas da ciencia, case en orde cronolóxica, dende a que está considerada como a ciencia máis antiga, a astronomía (bloque 2) ata as tecnoloxías da información e a comunicación (bloque 6) e as ciencias medioambientais (bloque 7). No bloque 3 abórdase o estudo do planeta Terra e os riscos xeolóxicos, así como a orixe da vida xunto coas grandes teorías evolutivas. O bloque 4 está dedicado á saúde e a enfermidade e nel se abordan temas como a historia da medicina, o estudo do sistema inmune, o estudo das enfermidades e os últimos avances en biotecnoloxía e medicina de precisión. O bloque 5 sobre reprodución e sexualidade trata da determinación do sexo, das técnicas de reprodución asistida e da sexualidade.

4 Onde se pode consultar o currículo completo da materia?

- Orde do 13 de febreiro de 2023 pola que se establece o currículo das materias optativas do Bacharelato e se regula a súa oferta ([DOG do 27 de febreiro de 2023](#)).
- Accede ao currículo da materia a través do seguinte [enlace](#) ou consultando o código QR que se indica

